



# Recordos

Nenos da escola da Roda con D<sup>a</sup> Luscinda,úa maestra de Barres, nel ano 1930

↓ Manuel García-Galano

*Os que, por razóis d'edá y dos achaques, temos que pasar el máis del tempo na casa, tentamos de buscar el xeito d'encher as horas que se fain a miúdo tan llargas. Nel último inverno entretívñeme en axeitar nun diría un feixe, pro si úas caxadas de fotografías qu'eu tía esfaragayadas por un sito y por outro dende hai muitos, muitos anos; pode dicirse que de toda a vida.*

**D**e camín que fia el trabayo —que me deu a súa xeira pra deixallo ben—, fun parándose en muitos retratos (en cuase todos porúa cousa ou por outra) que me trían á memoria un enxame de recordos de tempos que xa quedan mui llonxe.

Y nun dos que me paréi un bon cacho foi nos retratos dos nenos da escola, da mía escola da Roda (Tapia), feitos alló pollos anos 1930 ou 1931. Allí tamos os máis dos nenos qu'íbamos al colexo daquella, alredor del maestro ou maestra, qu'éravamos úa búa niada. Puiden identificallos ún por ún —algús con axuda— y fun poñéndoyes os sous nomes debaxo del retrato pra memoria dos qu'hoi xa nun son quien a reconocellos. Y é que muitos d'ellos —máis del mitá— xa se foron indo pral outro mundo y, os que non, todos nos convertimos en veyos; algús, como eu, en mui veyos.

Y miréi pra detrás nel tempo, y volvíñme neno nel pensamento, y púxenme a pensar na vida d'aquellos

anos condo as corradas s'estraban con gancella y neillas nun había tractores nin autos, sinón carros con treitoiras; y accordéime dos nosos xogos pra os que nos abondaba úa pelota de trapos condo nun tíamnos outra, ou úa bicicleta con rodas de madera —eso quen chegaba a ella, qu'eren poucos—, y as nenas úa llouxiá prá mariola. Y nun m'esqueiceron os compañeiros que vián á escola de llonxe, algús por carreiros ou camiños chíos de llama nel inverno, apencando con dous viaxes d'ida y volta tanto polla mañá como polla tarde. Y tuven reparando nas vidas de muitos d'ellos —cadún un historia— y nas veredas tan diferentes pollas que nos fomos encamiando cadún de nosoutros. Y penséi nos poucos que quedan hoi nel llugar, xa qu'os demáis fómonos indo pra fora, us pra cerca y outros pra llonxe —algús pra mui llonxe—, pro soñando todos col sou proyeuto, y tendo estoncés toda úa vida por delantre, ilusións a feixes y muitas esperanzas de que salise ben. Llougo, como sempre pasa, houbó de todo.